

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE NENOS CON DÉFICIT DE ATENCIÓN E/OU HIPERACTIVIDADE (ANHIDA CORUÑA) PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES NO EXERCICIO 2024

No lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade , actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Doña Helena Pardo Larrú, con DNI 32.798.929-D , en calidade de presidenta, que actúa en nome e representación da Asociación de nenos con déficit de atención e/ou hiperactividade (ANHIDA Coruña) con NIF G70245717, con domicilio en Rúa Manuel Hazaña, 2 - 15680 (Culleredo), nomeada en virtude do acordo da Asemblea Xeral do 4 de xullo de 2023, como recolle o artigo 18 dos seus estatutos .

Ámbalas dúas partes, no nome e representación na que concorren, recoñécense con capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio.

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten



competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais e, consecuentemente, a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a Asociación de nenos con déficit de atención e/ou hiperactividade (ANHIDA Coruña), e adiante ANHIDA Coruña figura inscrita no Rexistro de Asociacións co número 2011/015493-1. Así mesmo figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5732.

A Asociación ANHIDA Coruña é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2011 e declarada de Utilidade Pública pola Orde do 20 de setembro de 2019 que traballa para poder salvagardar os dereitos das persoas con Trastornos do Neurodesenvolvemento e, en concreto, aquelas que presentan un déficit de atención con/sin hiperactividade co fin de facilitar a súa inclusión na sociedade.

V. O seu labor principal é dar apoio, orientación e información ás familias das persoas con Trastornos do Neurodesenvolvemento, responsables sanitarios, responsables educativos e responsables de benestar social, ademais de dar respaldo aos labores de concienciación e investigación que se propoñen regularmente en relación a este trastorno.

Por tanto son unhas actividades destinadas a todas aquelas familias que precisan mellorar a convivencia das persoas afectadas por este trastorno, no seu entorno.

VI. A Asociación ANHIDA Coruña, é a única que desenvolve especificamente este tipo de actividades no ámbito da cidade de Coruña. Para poder ter un tratamento multimodal, os escolares afectados por Trastornos do Neurodesenvolvemento, deben desenvolver un trastorno grave de conduta ou ter unha discapacidade igual ou superior ao 25% sin valorar a situación particular, nin as necesidades de cada familia. Desde ANHIDA Coruña, e a través das actividades subvencionadas a través deste convenio interveñen para minimizar ou anular as posibilidades de que os nenos e nenas afectados por Trastornos do Neurodesenvolvemento cheguen a ser tan disruptivos que poidan causar problemas nas familias, nas aulas ou na sociedade. A través deste programa pódese dar apoio a todas esas familias que non atopan nos recursos públicos a frecuencia necesaria para traballar os problemas.



Polo obxecto e pola especificidade considérase que este programa presenta un carácter de exclusividade para a concesión directa da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características do programa que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixido, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto, queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento das actividades que realizará a Asociación ANHIDA Coruña durante o ano 2024, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e actuacións subvencionables*

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación ANHIDA Coruña, a través da concesión directa dunha subvención para o financiamento dun programa de actividades no exercicio 2024.

As actuacións que comprende o programa son:

a) Obradoiros-Psicopedagóxicos.

Nestes obradoiros trabállanse os obxectivos con actividades de exemplificación práctica: resolución de problemas de convivencia diaria, reforzo do control de impulsos, estimulación da creatividade, o apoderamento e a aprendizaxe baseada na observación. En cada taller participan dous ou tres profesionais. Cada día propónse un tema distinto para



cada grupo dependendo da conformación do mesmo e, mediante o diálogo e simulación de situacións ficticias, xogos de rol, e realización de tarefas manuais, trabállanse os contidos de cada tema. Os contidos son entre outros: identificación e comprensión das emocións, técnicas de autorregulación emocional, métodos de mellora da atención, técnicas de control de impulsos, perigos do alcol e droga, técnicas de resolución de conflitos, e métodos para aumentar a autoestima.

As persoas usuarias, con idades comprendidas entre os 6 e os 20 anos, divídense en grupos en función da súa idade e madurez, sendo os das máis pequenas, os grupos máis reducidos.

Desenvólvense cada semana 3 horas, de xaneiro a xuño e de outubro a decembro.

b) Escola de Nais e Pais

Estes obradoiros, complementan o traballo que se fai coas nenas e nenos nos obradoiros psicopedagóxicos semanais, co obxectivo de que, o que aprenden en cada sesión poida ser reforzado e posto en práctica na contorna familiar e o avance acadado repercuta a tódolos niveis.

Aínda que o taller noméase *Escola de Nais e Pais*, asisten irmáns, avós ou familiares que conviven coas persoas afectadas, xa que do que se trata, é de ir mellorando o día a día de cada unha delas.

Impártense en diferentes grupos, xa que se comeza por un grupo de iniciación que vai evolucionando niveis ao longo do ano e dos anos seguintes. Cada ano, participan unha media de 30 familias que se reúnen 3 horas quincenalmente en grupos de entre 15 e 20 persoas. Desenvólvense de xaneiro a xuño, e de outubro a decembro.

c) Grupos de Axuda Mutua

Dado que as persoas adultas diagnosticadas con trastorno de déficit de atención e hiperactividade tamén padecen dificultades nas relacións do día a día que as afectan a nivel familiar, laboral ou de estudos e que repercuten de xeito negativo no seu ritmo normal de vida, reúnen periodicamente coa finalidade de tratar temas de interese xeral, expoñendo problemas en común para entre todas tratar de achar solucións que axuden a resolvelos.

Con estes grupos, dous ou tres profesionais da asociación, cunha programación deseñada especificamente para cada grupo, traballan o afrontamento de emocións, o control de impulsos, a autoestima e todo o que dalgunha maneira, poida beneficiar a persoa, tratando así de facerlle máis fácil a convivencia cos demais.

SEGUNDA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco



do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Asociación ANHIDA Coruña ascende a 35.547,38 euros.

A Consellería de Política Social e Igualdade para a organización do programa achegará á Asociación ANHIDA Coruña para o ano 2024 a cantidade de trinta mil euros (30.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 38.04.312D.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos.

TERCEIRA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. A Asociación ANHIDA Coruña deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

- a) Organizar o programa ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto neste convenio.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco deste convenio coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.



e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións do programa obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

g) No deseño e desenvolvemento do programa e das actividades que conforman o mesmo, que son obxecto da concesión da subvención a través do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

h) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CUARTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa e as súas actividades, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades que conforman o programa que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SEXTA. Gastos subvencionables e xustificación

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos correntes derivados da realización das actividades que conforman o programa subvencionado a través deste convenio, de acordo co establecido na memoria económica.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **15 de decembro de 2024**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao programa subvencionado a través deste convenio, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

Para os efectos de xustificación, a Asociación ANHIDA Coruña remitirá á Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade, xunto coa xustificación do emprego da cantidade total na realización do programa, e en todo caso con data límite do 15 de decembro de 2024, a seguinte documentación:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do programa a subvencionar a través deste convenio.
- b) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos ditos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento desta xunto coa achega dos



xustificantes ou facturas destes gastos e a acreditación do pagamento efectivo dos mesmos, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do programa recollido na memoria económica ~~proxecto~~, deberá de concretarse aos efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios

3º. Documentos, Relación nominal de traballadores (RNT) e Relación de liquidación de cotizacións (RLC), das persoas traballadoras correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) (modelos 111 e 190)

c) Certificación expedida pola persoa representante da Asociación relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Igualdade foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ou o reintegro das cantidades percibidas, ou da parte proporcional non xustificada e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais correspondentes ao exercicio 2024, liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades, aportando a documentación prevista na cláusula sexta do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

OITAVA. Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de presentación da xustificación no prazo establecido do cumprimento das actividades obxecto do programa a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do programa obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas, en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividades que conforman o programa obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total e, deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida a través deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de



xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

A Asociación ANHIDA Coruña queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades do programa.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa e ~~actividades~~ a subvencionar a través deste ~~dito~~ convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do dito programa e as actividades que o conforman.

A Asociación ANHIDA Coruña asume a responsabilidade respecto do persoal encargado de impartir a formación ou levar a cabo as actividades que conforman o programa obxecto da concesión da subvención, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

DÉCIMA. *Subcontratación*

A Asociación ANHIDA Coruña é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución do programa subvencionado fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata o 10% do importe total das actuacións que conforman o programa que se financia a través deste convenio, motivado pola natureza do programa e para a debida execución deste, de acordo co recollido na memoria económica.

A Asociación ANHIDA Coruña, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DECIMO PRIMEIRA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. ~~do~~ ~~convenio~~. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas representantes da Asociación ANHIDA



Coruña, así como os seus suplentes, todas elas designados polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, que actuará con voz pero sen voto, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia. ~~que actuará con voz pero sen voto.~~

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, os gastos das actividades que conforman o programa que se subvenciona a través deste convenio que realizase a Asociación ANHIDA Coruña dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.



Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DECIMO QUINTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. Así mesmo, rexerase polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, ~~así como~~ o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, así como as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Os seus acordos esgotan a vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou, se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.





Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso – administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos as dúas comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

O Presidente da Asociación ANHIDA
Coruña

Fabiola García Martínez

Helena Pardo Larrú

